

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de abril de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro (incorpórase no punto 13)
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D^a Raquel Díaz Vázquez (incorpórase nos Asuntos Urxentes)

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día doce de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(421).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria do 26 de marzo, extraordinaria e urxente do 30 de marzo e ordinaria do 5 de marzo de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(422).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS PARA O ANO 2010. EXPTE. 3486/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido pola técnica de Animación Sociocultural con data 9 de febreiro, conformado polo concelleiro delegado, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica en data 25 de marzo e máis pola Intervención Xeral de data 5 de abril, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar ás bases de subvencións para programas de actividades socioculturais segundo o texto que se transcribe ó final deste acordo..

Segundo.- Aprobar a convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais para o exercicio 2010, segundo o texto que se transcribe ó final deste acordo.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer un gasto por un importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 4512.489.0000 do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio, para atender ás solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

Cuarto.- Aprobar a publicación das bases e convocatoria.

BASES DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Animación Sociocultural do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

- a) Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade.*
- b) Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito da cultura e animación sociocultural.*
- c) Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.*
- d) Favorecer a cooperación entre o sector público e privado no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural.*
- e) Fomento das actividades destinadas a promover a recuperación da cultura popular e as tradicións de Galicia.*
- f) Incentivar a creación de programas que reactiven as actividades musicais, artísticas, teatro, danza e de animación á lectura.*
- g) Apoiar aquelas iniciativas culturais innovadoras que acerquen á cidadanía as últimas tendencias culturais que proxecten unha imaxe moderna, dinámica e vangardista de Vigo (música electrónica, experimental, alternativa, culturas urbanas, produtos multimedia, creación dixital, etc.).*

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade; ou excepcionalmente fóra deste no caso de que se consideren de interese para a proxección exterior da cidade.

TERCEIRA: CONVOCATORIA

Con carácter anual, e a poder ser dentro do primeiro trimestre do exercicio, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases. A convocatoria establecerá como mínimo:

- a) Partida económica e créditos máximos adicados.
- b) Procedemento de concesión.
- c) Termo para a presentación das solicitudes.
- d) Requisitos dos solicitantes.
- e) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOP.
- f) Lugar de presentación das solicitudes.
- g) Concreción das diferentes liñas e conceptos subvencionábeis no ámbito cultural e sociocomunitario.
- h) Orzamento adicado a cada liña de subvención, número máximo de programas a presentar por liña, réxime de concesión, cantidade máxima de subvención por programa, e umbral mínimo de puntos que cada programa debe alcanzar para ter dereito á subvención.
- i) Ámbito temporal dos gastos subvencionábeis.
- j) Número de programas que se poden presentar a cada liña de subvención, conceptos subvencionábeis e contías máximas a percibir.

CUARTA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar subvención, segundo o programa subvencionábel recollido da convocatoria anual:

- a) As entidades sen ánimo de lucro, e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:
 - a.1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
 - a.2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
 - a.3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
 - a.4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
 - a.5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
 - a.6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.
 - a.7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Dúas ou máis entidades poden presentar un proxecto en concertación. Para os efectos do apartado anterior, todas as entidades concertadas teñen a condición de beneficiario e, polo tanto, terán que cumprir as condicións expostas.

b) As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionábeis.

QUINTA: SOLICITUDES

1.- As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 20 días naturais, a contar dende a publicación da convocatoria no BOP.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Animación Sociocultural.

As solicitudes poderán tramitarse dende a páxina web seguindo os pasos e introducindo os datos que esixe a aplicación informática, ou presentando as peticións por escrito nos modelos facilitados polo Concello.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto subvencionábel.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a persoa ou entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello de Vigo a comprobar que está ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e Seguridade Social (no caso contrario, deberá presentar os certificados Consellería de Facenda da Xunta de Galiza, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Seguridade Social.

SEXTA: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Por solicitante:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

- b.- *Anexo I.1: declaración asinada polo/a secretario/a da entidade ou persoa física relativa a:*
1. *Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados*
 2. *Solicitudes de subvencións realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións.*
 3. *Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas.*
 4. *Subvencións pendentes de xustificar ao Concello de Vigo.*
 5. *Cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros).*
 6. *Datos para a valoración do solicitante:*
 - *Persoas xurídicas: antigüidade, xestión económica financeira, masa social e representatividade, ámbito territorial e temático de intervención, recursos humanos e materiais.*
 - *Persoas físicas: breve curriculum vitae e fotocopia da última declaración da renda.*

c.- *Certificación positiva acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia) e Certificación acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas da Seguridade social ou de non ter a entidade traballadores ao seu cargo, expedidas no ano en curso (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar na convocatoria supere o importe de 3.000 euros e no caso de que non se autorice expresamente ó Concello de Vigo a recabar os datos relativos ao cumprimento das obrigas fiscais e da Seguridade Social).*

O Concello de Vigo comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

d.- *Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.*

6.2.- *Por programa ou proxecto solicitado:*

a- *Anexo II.1.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.*

b- *No caso daqueles proxectos editoriais e publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da cultura e animación sociocultural, cumpriran os seguintes requisitos:*

- a) *Non ter carácter de boletín interno da asociación.*
- b) *Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.*
- c) *Dispoñer de depósito legal.*

- d) *Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.*
- e) *Depositar gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Cultura e Animación sociocultural no prazo máximo dun mes dende a súa edición.*
- f) *Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao proxecto, un exemplar dela.*

c- *No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarse o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.*

d- *A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992.*

SÉTIMA: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- *Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2.- *Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*
- 3.- *Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- 4.- *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 5.- *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 6.- *Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- 7.- *Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia no se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- 8.- *Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.*
- 9.- *A falta de xustificación en tempo e forma algunha das subvencións concedida na convocatoria do ano anterior.*

OITAVA: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración dos programas ou proxectos aplicaranse os seguintes criterios:

<i>1. Criterio para valoración da persoa ou entidade solicitante</i>	<i>Ata 15 puntos</i>
<i>Traxectoria e antigüidade da entidade</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>Masa social, representatividade e participación da cidadanía</i>	<i>Ata 5 puntos</i>

<i>Ámbito xeográfico (barrio, parroquia ou distrito), e poboación destinataria</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>2. Criterio de valoración do programa ou proxecto</i>	<i>Ata 80 puntos</i>
<i>Interese do programa: adecuación aos obxectivos recollidos nas bases, innovación, ámbito xeográfico, duración do programa, colectivo a quen vai dirixido, consolidación do proxecto.</i>	<i>Ata 50 puntos</i>
<i>Calidade no deseño da proposta: análise das necesidades existentes no contorno, deseño dos contidos e incorporación de metodoloxías socioeducativas, recursos, uso de novas tecnoloxías.</i>	<i>Ata 10 puntos</i>
<i>Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: orzamento de gastos e ingresos previstos relacionado coa actividade, presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade, viabilidade temporal</i>	<i>Ata 10 puntos</i>
<i>Programas socioculturais dirixidos o fomento do uso da lingua galega, programas dirixidos á mocidade e ao intercambio multicultural</i>	<i>Ata 5 puntos</i>
<i>Colaboración con outras entidades asociativas.</i>	<i>Ata 5 puntos</i>

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de valoración sinalados na base anterior, coa excepción do concepto subvencionabel 3.b) e 3c) que se lle aplicará unha cantidade fixa: por festas patronais de interese no ámbito urbano (8.000 euros); e por festas patronais en barrios e parroquias (1.000 euros).

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionabel será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual.

DÉCIMA:-INSTRUCCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Animación Sociocultural.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo Animación Sociocultural, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992.

3.- *Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural que actuará como presidente, e dous vocais designados entre o persoal técnico do Concello (o xefe e un técnico do servizo de Animación Sociocultural).*

4.- *A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base sétima e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base oitava.*

5.- *Prazo de resolución e notificación:*

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás persoas ou entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo pero o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- a) *Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, Lei 38/2003 e demais normativa de desenvolvemento desta última.*
- b) *Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- c) *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.*
- d) *Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.*
- e) *Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escrita.*
- f) *A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Animación Sociocultural estudará cal sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa e no prazo de tres meses a contar dende a finalización da actividade. Excepcionalmente, e a petición do beneficiario, poderase ampliar o prazo, por causas suficientemente motivadas.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: mediante a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

a) Solicitude de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO III), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa.
- Balance de gastos e ingresos correspondentes á execución do programa e desviacións con relación ao orzamento
- A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:

- a) Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado;
- b) Acreditación do importe da subvención concedida mediante a presentación de facturas orixinais polo importe concedido. As facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente terán que ser orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo

31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá recabar estes datos de oficio.

- d) *Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*
- e) *Tres exemplares do material impreso de difusión realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*

4.- *Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da persoa ou entidade declarada xunto a solicitude.*

O pagamento non se levará a cabo se a persoa ou entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- *Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia do Concelleiro Delegado da Area de Cultura e Animación Sociocultural. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.*

6.- *Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagamentos a conta de forma fraccionada, que respondan ao ritmo de execución da acción subvencionada, aboando o equivalente á xustificación presentada.*

DÉCIMO CUARTA.- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO.

1.- *Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:*

- a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.*
- b) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

2.- *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCiónS CONCEDIDAS

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

DÉCIMO SEXTA.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

DÉCIMO SÉTIMA.- NORMATIVA APLICÁBEL

O procedemento para a resolución das solicitudes axustarase ao regulamentado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento, Real decreto 887/2006, de 21 de xullo. Así mesmo, será de aplicación o disposto en materia de subvencións pola Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e demais normativa complementaria

DÉCIMO OITAVA.- DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2010.

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e disposicións concordantes, a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a programas de actividades de ámbito sociocultural.

Primeiro.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 100.000 euros, con cargo á partida 4512.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Animación Sociocultural.

Segundo: Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva.

Terceiro.- Prazos

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende a publicación desta convocatoria no BOP.

Cuarto.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro: a todos os conceptos subvencionábeis.

Persoas físicas: aos conceptos subvencionábeis 1 e 4.

Quinto.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, web municipal (www.vigo.org) e servizo de Animación Sociocultural dende a data de publicación no BOP.

Sexto.- Lugar de presentación das solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no formulario –anexo II- que se achegas ás bases, na forma prevista pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétimo.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos subvencionados:

Dende o 1 de decembro de 2009 ata o 30 de novembro do presente ano.

As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Oitavo.- Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria no BOP, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido o dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Noveno.- Liñas de subvencións. Conceptos subvencionabels

LIÑA DE SUBVENCIÓN: ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI

CONCEPTOS SUBVENCIONABELS:

1.- Programas de actividades dirixidos á promoción e difusión das artes plásticas, escénicas (teatro e danza), música e literatura:

- Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.

- Límite mínimo de puntos 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR 1

2.- Programas de actividades socioculturais nos barrios e parroquias e programas da cultura tradicional galega: folclore, Día das letras galegas, festas gastronómicas, artesanía.

- Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.

- Límite mínimo de puntos 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR 1

3.- Festas tradicionais e patronais:

a) Festas tradicionais (Entroido, S. Xoán, Samaín, Magosto...)

- Límite mínimo de puntos 30 puntos

- Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR	1
b) Festas patronais de especial interese no ámbito urbano.	
Asignación fixa por festa	8.000 euros
Límite mínimo de puntos	30 puntos
Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.	
Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR	1
c) Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).	
- Asignación fixa por festa	1.000 euros
- Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.	
- Límite mínimo de puntos	30 puntos
Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR	.1
4.- <u>Proxectos culturais de vangarda.</u>	
Contía máxima subvencionable o 75% do presuposto.	
Límite mínimo de puntos	30 puntos
Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR .	1

3(423).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 02/3011, 13/1393, 03/3121, 11/1567, 13/2833.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a :
- D^a. Juana A. Mendiberry Soriano. Expte. 2833/13.
 - D. José Manuel Fernández García. Expte. 1393/13.
 - D^a. M^a Jesús Puig Palacio. Expte. 3011/02.
- 2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:
- D. Rafael A. González Molaes. Expte. 11/1567.
 - D^a. Angela López Bazarra. Expte. 3121/02.

4(424).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 2691/12.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Matilde Martínez Fernández. Expte. 2691/12.

5(425).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2009/2010. EXPTE. 9350/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido polo director deportivo do IMD con data 10 de febreiro, conformado polo concelleiro delegado, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica en data 17 de marzo e máis pola Intervención Xeral de data 26 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2009/2010, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

SEGUNDO: Autorizar o crédito de 578.500,00€ (Cincocentos setenta e oito mil cincocentos euros) con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do vixente orzamento.

BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2009/2010.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2 establecen que o municipio exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida orzamentaria 4521.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 578.500,00€ (Cincocentos setenta e oito mil cincocentos euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade, os ocasionados pola actividade propia desta e os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, tales como os gastos de pagamento de licenzas federativas, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, compras de material como balóns, útiles deportivos, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2009/2010, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2009/2010 estará definida para cada modalidade deportiva en función do informe das respectivas federacións e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se achegará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 578.500,00 euros (cincocentos setenta e oito mil cincocentos euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2.1.- En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

2.2.- Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

k) As federacións deportivas.

l) Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.

m) Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2008/2009/2010.

2.3.- As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- Os solicitantes deberán acreditar que se achán ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deben acharse ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para a no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a. 1.	Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes do entidade deportiva.	Ata 30 puntos
a. 2.	Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local.	Ata 10 puntos

b) Promoción do deporte base:

b. 1.	Promoción da actividade deportiva na base; teranse en conta proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativo.	Ata 10 puntos
b. 2.	Número de equipos e/ou deportistas de categoría feminina.	Ata 10 puntos
b. 3.	Número de equipos e/ou deportistas ata categoría xuvenil.	Ata 10 puntos

c) Estrutura da entidade deportiva:

c. 1.	Gastos en aluguer de instalacións deportivas.	Ata 15 puntos
c. 2.	Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.	Ata 8 puntos
c. 3.	Número de técnicos titulados no proxecto global do club. Na valoración deste criterio terase en conta a presentación das copias compulsadas dos títulos dos monitores/adestradores aos que se desexa incluír na valoración, xunto con unha certificación asinada polo secretario do club no que se constate o proxecto/equipo ao que se vincula cada monitor, coa sinatura e o Vº e prace do monitor.	Ata 5 puntos

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade.

Os datos a puntuar corresponderán as actividades da tempada 2009/2010.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1. Anexos: Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

Anexo I.1	<u>Instancia de solicitude da subvención.</u>
Anexo I.2	<u>Certificado das competicións e categorías nas que participa.</u>
Anexo I.3	<u>Orzamentos de Ingresos e de gastos.</u>
Anexo I.4	Declaracións responsables: <ul style="list-style-type: none">• Sobre as subvencións solicitadas e/ou concedidas.• Sobre a non incursión nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.• Sobre a representación legal da entidade.

3. Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa seguridade social.
4. Certificado orixinal ou copia compulsada da Federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.

5. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
6. Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
7. Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e as que organizan, etc. (competicións nas que participa, nº de equipos e/ou deportistas, categorías, desprazamentos, torneos ou competicións nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes–Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, do 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 8 de outubro de 2010 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

h) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos tanto no aspecto deportivo (incluíranse os datos referentes ás competicións nas que participou a entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso...) como económico (os gastos e ingresos reais xerados polas actividades da entidade distribuídos por conceptos...).

i) Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (modelos para a xustificación):

Anexo II.1	Conta Xustificativa-Relación de facturas presentadas como xustificación.
Anexo II.2	Declaración responsable

j) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

- 1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- 2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.
- 3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
- 4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastosoóla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
- 5º.- Instalacións Deportivas Municipais: En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.
- 6º.- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

7º.- *Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada previamente ó pago da subvención acadada.*

k) *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

DECIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso, ao reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo

que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(426).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA CIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2010. EXPTE. 9351/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido polo director deportivo do IMD con data 12 de febreiro, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica en data 17 de marzo e máis pola Intervención Xeral de data 26 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de “Subvencions a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2010”, co texto que se transcribe ó final deste acordo..

SEGUNDO: Autorizar o crédito de 200.000,00€ (dous centos mil euros) con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencions a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2010”.

BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA CIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2010.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo para a organización de eventos deportivos, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencions a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2010”, un crédito por un importe total de 200.000,00€ (douscentos mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiamento dos eventos deportivos organizados na cidade de Vigo no ano 2010, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencions efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo durante o ano 2010.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable corresponden aos ocasionados pola organización dos eventos e actividades deportivas propostas, tales como os gastos federativos, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, alugamento de instalacións deportivas, compras de material deportivos e útiles deportivos, material de oficina, gastos de publicidade, trofeos, premios, etc. En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados pola organización do evento ou actividade subvencionada para o cumprimento dos seus fins, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados por todos os eventos organizados pola entidade no ano 2010.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 200.000,00 euros (douscentos mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2010”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que a suma de todas as subvencións supere o crédito total previsto, se rebaixarán proporcionalmente ata encaixalas no crédito do ano 2010.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan a actividade ou evento deportivo a subvencionar na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2.- Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As entidades que teñan fin lucrativo.*
- As entidades deportivas que teñan carácter profesional.*
- As entidades deportivas as que, o Servizo de Deportes do Concello de Vigo, lles outorgue trofeos polo importe da subvención con cargo ó orzamento de 2010.*
- As entidades deportivas organizadoras de eventos deportivos habituais no calendario deportivo de Vigo, que polas súas peculiaridades, repercusión social e relevancia, sexan desenvoltas co Concello de Vigo a través dun convenio de colaboración entre ambas partes.*
- Os eventos ou actividades deportivas que obteñan unha valoración inferior a 100 puntos segundo o baremo establecido nas bases da convocatoria.*

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- Os solicitantes deberán acreditar que se achán ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se achán ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitud.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.

3º.- *Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*

4º.- *Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*

5º.- *En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Os datos a valorar corresponderán aos eventos e actividades realizados durante o ano 2010.

Os criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte;

1- *Eventos de ámbito internacional:*

- *Pola difusión da imaxe da cidade: ata un máximo de 150 puntos.*
- *Pola importancia deportiva do evento: ata un máximo de 150 puntos.*

2- *Resto do eventos:*

• *Polo ámbito do evento:*

- *Eventos de ámbito estatal (final de campionato de España ou similar): Ata un máximo de 60 puntos.*
- *Eventos de ámbito galego (campionato de ámbito Galego ou similar): Ata un máximo de 15 puntos.*
- *Eventos de ámbito provincial ou local: Ata un máximo de 10 puntos.*
- *Importancia do evento ou actividade deportiva para a cidade: ata un máximo de 30 puntos (valorarase a repercusión que tivo ou pode ter a actividade para Vigo, en aspectos como a imaxe da cidade, repercusión deportiva...).*
- *Importancia social do evento. Ata un máximo de 15 puntos.*
- *Número máximo de participantes (real ou previsto): Ata un máximo de 15 puntos.*
- *Pola potenciación do deporte feminino ata un máximo de 60 puntos. Teranse en conta as actuacións que se desenvolvan a favor do deporte feminino con especial relevancia nos deportes que teñan un marcado carácter masculino.*
- *Pola difusión da imaxe deportiva da cidade. Ata un máximo de 30 puntos, terase en conta a colocación e inserción do logo institucional do Concello de Vigo, tanto na equipaxe como nos elementos deportivo. Para a avaliación teranse en conta as características de cada modalidade deportiva.*

3- - *Polo fomento do uso do galego nos medios de difusión e comunicación do evento. Os eventos subvencionados que utilicen o Galego nos soportes de comunicación (carteis, dípticos, anuncios, locución e megafonía, web, etc), recibirán un incremento dun 10 % sobre as achegas que lles correspondan en función da catalogación dos mesmos nos apartados 1 e 2 destes criterios.*

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre as entidades deportivas que sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, e sexan valoradas como susceptibles de acadar unha subvención pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2010 en función da valoración nos criterios previstos no apartado anterior.

O importe total da convocatoria se distribuirá entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1.- Modelos dos cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes o anexo I.

<i>Anexo I.1: Instancia de solicitude.</i>
<i>Anexo I.2: Ficha de características do evento. Proxecto cos datos referentes ó evento para o que se solicita a subvención, características xerais, categoría do evento, numero de deportistas participantes e, de selo caso, de equipos participantes, así como os aspectos máis salientables en relación coa importancia do evento.</i>
<i>Anexo I.3: Orzamento de ingresos e gastos do evento. Certificado do secretario/a ou tesoureiro/a da entidade do orzamento de ingresos para o evento solicitado.</i>
<i>Anexo I.4: Declaración Responsable:</i> <ul style="list-style-type: none">• <i>Sobre as axudas públicas solicitadas e/ou concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención.</i>• <i>Sobre o cumprimento dos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de</i>

xuño, de subvencións de Galicia.
Sobre a representación legal da entidade.

- 2.- Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- 3.- Certificados de estar de estar ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da “Seguridade Social”, coa “Axencia Tributaria” e coa “Consellería de Facenda da Xunta de Galicia”, emitidos polos propios organismos.
- 4.- Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo-Concellería de Deportes en tódalas actividades e comunicacións que promovan e

en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, do 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

A convocatoria prevé a subcontratación das actividades subvencionadas, conforme co establecido no artigo 27 da LSG, ata como máximo un 50% da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos nun prazo que en ningún caso excederá o prazo de *30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso sempre antes do 11 de decembro de 2010. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda:

- * No caso dos eventos realizados con anterioridade a esta convocatoria terán de prazo 30 días naturais dende a recepción da notificación da subvención.
- No caso dos eventos realizados entre o día 1 e o 31 de decembro de 2010, ambos incluídos, o prazo de presentación de xustificantes amplíase ata o 15 de xaneiro de 2011.

Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto deportivo (Incluíranse como mínimo e obrigatoriamente, un resumo xeral sobre o evento, datos referentes ó número total de participantes por categorías, lugar de celebración do evento, resultados deportivos acadados e clasificacións se as houbo, público asistente e incidencias se as houbo), como económico (Incluíranse como mínimo e obrigatoriamente un balance final sobre gastos e ingresos reais xerados polo evento distribuídos por conceptos).

b) Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

II.1	Conta Xustificativa-Relación de facturas e documentos de valor probatorio equivalente presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
II.2	<p>Declaración responsable do solicitante :</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude. ● Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada. ● Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma. ● Que a entidade atópase ó corrente ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Sen embargo, <u>esta declaración só é necesaria en caso de non presentar os certificados das tres Administracións</u>, e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).

c) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

- 1º.- *As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- 2º.- *Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.*
- 3º.- *Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.*
- 4º.- *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.*
- 5º.- *Instalacións Deportivas Municipais: En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*
- 6º.- *Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*
- 7º.- *Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada previamente ó pago da subvención acadada.*

d) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade ou evento subvencionado e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

7(427).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO ANPA DO CEIP DE MOSTEIRO BEMBRIVE PARA A REALIZACIÓN DO XXXI CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE O DÍA 2 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9412/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.04.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar A.N.P.A. do C.E.I.P. de Mosteiro Bembrive a organizar o vindeiro domingo 2 de maio de 2010, o XXXI Cross Escolar Mosteiro Bembrive, dito Cross comenará ás 10.00

horas, e rematará ás 13.30 horas, percorrendo varios camiños da parroquia, a saída e a chegada será en dito colexio público.

8(428).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A D. FRANCISCO JOSÉ PIÑEIRO LORENZO, PARA A REALIZACIÓN DA V MARCHA CICLISTA DE NAVIA O DÍA 23 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9389/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.04.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Francisco José Piñeiro Lorenzo , a organizar o vindeiro domingo 23 de maio de 2010, o evento denominado “V MARCHA CICLISTA A NAVIA “ a marcha terá a saída as 10.30 horas dende a rúa Teixugueiras e rematará ás 12.30 horas na deveda de San Paio de Navia, percorrendo as rúas, rúas Ufas, Pedraseixa, Poza do Cabalo, Teixugueiras, san Paio de Navia, rúa do Rio, avda de Samil, avda de Europa, Bravo, Pereiras , Lourido, Bravo.

9(429).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS AOS SERVIZOS DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS FUNCIÓNS CATASTRAIS. EXPTE. 899/500.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 4 de febreiro e do 8 de marzo de 2010, o informe de fiscalización do 24.02.2010, e de acordo co informe-proposta da directora de Ingresos, do 9.03.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto para o exercicio 2010 de 232.460 € con cargo a partida 6110.2270602 Traballos de Colaboración coa Xerencia Territorial do Catastro.

presuposto total do contrato: 1.394.760 euros
presuposto (sen iva): 1.182.000 euros
iva a soportar pola Administración (18%): 212.760 euros

Anualidades (con iva)

Ano 2010: 232,460 euros (segundo semestre)
Ano 2011: 464.920 euros
Ano 2012: 464.920 euros
Ano 2013: 232.460 euros (primeiro semestre)

2º.- Aprobar o Prego de condicións técnicas para a prestación de servizos técnicos aos Servizos de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica do Concello de Vigo para a realización de determinadas funcións catastrais, de data 8 de xullo de 2009 así como,

o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación destes servizos, polo Concello de Vigo, visado pola Asesoría Xurídica con data 8 de marzo de 2010.

3º.- Abrir o procedemento de licitación e tramites procedentes para adxudicación do contrato.

10(430).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO, ASESORAMENTO E APOIO XERAL E ESPECÍFICO AO PROXECTO IMOS TRABALLAR. EXPTE. 6773/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.10, o informe de fiscalización do 30.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e emprego, do 9.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.10, o informe de fiscalización do 30.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e emprego, do 9.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 60.000 euros para a contratación do servizo de colaboración no marco do proxecto “Imos Traballar” que se imputarán:

- 30.000,00 € da partida 3220.227.06.02 do presuposto do ano 2010.
- 30.000,00 € da partida 3220.227.06.02 do presuposto do ano 2011.

2º.- Aproba-lo expediente para a contratación do servizo de elaboración dun observatorio sobre emprego e medioambiente no marco do proxecto “Vigo Medio Natural” que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 22/02/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 24/02/2010.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

11(431).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE MOBILIDADE, TRANSPORTE E SEGURIDADE DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2010.

Dáse conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Seguridade, Circulación e Transportes, e autorizados polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, correspondentes aos meses de xaneiro, Febreiro e Marzo, que son os seguintes:

- Transporte e sinalización con vallas e conos a por da empresa Aquilino Molina Valin por importe de 20878,84 €.
- Adquisición de diverso material informático por importe de 2.000,00 €.
- Adquisición de libros por importe de 300 €.
- Contratación dunha asistencia para a redacción do proxecto de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial en diversas rúas do Concello de Vigo a prol da empresa PETTRA S.L. por importe de 7.999,36 €.
- Contratación dunha asistencia para a dirección da obra de instalación de pasos elevados a prol da empresa ENMACOSA S.A. por importe de 7.999,36 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(432).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 19753/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.03.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar as axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 6.162,00 € (SEIS MIL CENTO SESENTA E DOUS EUROS), aos empregados municipais que se relacionan, nos termos da proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do 15.02.2010:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Codesido Rodríguez, José Felipe	36081823	19399	182,00 €
Fernández Gallego, José Luis	34909660	23024	484,00 €
Mariño Villanueva, Julia	36045806	22361	3.060,00 €
Quivén Puente, Victoria	35259009	13356	1.790,00 €
Rodríguez Rial, Lara	36091020	80574	323,00 €
Vázquez Pazó, Modesto	36063855	77034	323,00 €
SUMA TOTAL			6.162,00 €

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN A CONCELLEIRA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO.

13(433).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2009 E FEBREIRO 2010. EXPTE. 19744/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.03.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de OUTUBRO-2009 e FEBREIRO-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Miguel Angel Alonso Alonso	Outubro-2009	389,00
Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Roberto Mariño Sanromán	Outubro-2009	162,00
Limpieza	De Amador Alvarez Bernardez a Florentino Prieto Domínguez	Outubro-2009	147,00
Desinfección	De Higinio Durán Cabobianco a José Manuel Sousa Atrio	Outubro-2009	316,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Setembro-09	207,15
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero-Gil Delgado	Outubro-2009	180,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Outubro-2009	57,30
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Febreiro-2010	130,00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Outubro-2009	124,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Febreiro-2010	2.555,00
Bombeiros (Oficinas)	De Mª Luz Palmás Calvar	Outubro-2009	40,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Villar Estevez, Raimundo	Outubro-2009	164,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Outubro-2009	541,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Febreiro-2010	76,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Outubro-2009	36,00
Conserxería	De Mª Teresa Vaqueiro Herbello	Outubro-2009	86,00
Policia Local Xulgados	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijares	Febreiro-2010	960,00
Policia Local Horas en exceso	De Mª José Alvarez Domínguez a Pablo Vila Campos	Febreiro-2010	931,30

O montante do presente expediente ascende a un total de 67.687'58 € (SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E OITO CÉNTIMOS).

14(434).- BASES SELECCIÓN CONTRATACIÓN LABORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DO EQUIPO DE REFORZO DOS TRABALLOS DE LIMPEZA E COIDADOS DOS AREAIS DA CIDADE. EXPTE. 19724/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 31.03.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 3.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de tres oficiais conductores/as, catro oficiais desbrozadores/as e, doce operarios-peóns de limpeza, por un periodo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Segundo.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade, da oferta pública de tres postos de oficial conductor/a, c atro postos de oficial desbrozador/a e, doce postos de operario-peón de limpeza, establecéndose os seguintes REQUISITOS:

- Oficial desbrozador/a: Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente e contar coñecemento e experiencia acreditados no manexo de máquinas desbrozadoras.
- Oficial conductor/a: Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente, así como estar en posesión do permiso de conducir C+D+E.
- Operario-peón: Certificado de Escolaridade ou equivalente e contar con experiencia acreditada en limpeza de viais, praias e espazos públicos.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

O prazo de presentación de instancias de participación será de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, e a lista de admitidos e excluídos xunto coas causas motivadoras da exclusión, a data, lugar e hora de realización dos exercicios, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo e nos lugares onde se realicen as ditas probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar xuntamente coa súa instancia de participación.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe no apartado terceiro das presentes bases ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena

garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Terceiro.- Ordenar a constitución dun Órgano de Selección para que se proceda á selección e proposta de contratación de tres candidatos/as para o posto de oficial condutor/a, catro candidatos/as para o posto de oficial desbrozador/a e doce candidatos/as para o posto de operario-peón de limpeza, co obxecto de formaliza-la contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas como oficial condutor/a, oficial desbrozador/a e operarios/as-peóns, respectivamente.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Xefe do Servizo de Limpeza que actuará como Presidente-, o Xefe do Servizo do Parque Móbil, dous funcionarios do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos, propostos polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que deberán comparecer a título individual e un técnico de administración xeral que actuará como secretario/a.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por

asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do Órgano de Selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A tales efectos, o proceso de selección para o posto de oficial conductor, constará nunha proba teórica sobre coñecementos das tarefas do posto relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a éstas bases, e/ou nunha proba práctica consistente na manobra dun vehículo de 18 TM. en circuito pechado e conducción do mesmo adaptándose as circunstancias do tráfico en circuito aberto.

Asi mesmo, para os postos de oficial desbrozador/a e operario/a-peón/a, o exercicio constará dunha proba teórico-práctica sobre coñecementos das tarefas propias dos respectivos postos de traballo, relacionadas coas materias que integran o programa que figura anexo a éstas bases.

Todas as probas avaliaranse de cero a dez puntos, tendo estas carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

O Órgano de selección propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Cuarto.- Que finalizado o proceso de selección, pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dós/dás candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as por un periodo de seis meses, para a realización de tarefas de limpeza de praias, viais e espazos públicos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 233-Oficial conductor, cód. 234-Oficial Xardineiro/a ou, cód-158 no que respecta ao posto de operario-peón, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009.

Sexto.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, modificadorio do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006)”.
”.

Sétimo.- A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,00 horas-, coa excepción do periodo comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 06,00 a 13,15 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Oitavo.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Noveno.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

TEMAS COMUNS PARA PEONS, OFICIAIS DESBROZADORES/AS E OFICIAIS CONDUCTORES/AS.

- 1.- *O municipio: concepto e elementos. O termo municipal, a poboación e o veciño. O empadramento. Organización e competencias municipais.*
- 2.- *Dereitos e deberes do persoal ao servizo da administración local. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario e sancionador.*
- 3.- *Normas básicas de seguridade e saúde laboral. Equipos de protección individual, características e uso. Sinalización e balizamento.*
- 4.- *As praias da cidade de Vigo e os seus accesos. Toponimia e localización. Flora e fauna común*

TEMAS ESPECÍFICOS OFICIALES CONDUCTORES/AS

- 5.- *O Tacógrafo. Utilización. Obrigas do conductor respecto do seu uso*
- 6.- *A inpección técnica de vehículos. O seu obxectivo e periodicidade.*
- 7.- *Carga e descarga de mercadorías. Normativa aplicable e prohibicións*
- 8.- *Sinalización segundo a lei de tráfico e seguridade vial.*
- 9.- *Infraccións, sancións e medidas cautelares segundo a lei de tráfico e Seguridade vial*
- 10.- *Seguros. Modalidades e as súas coberturas. Partes de sinistro*

TEMAS ESPECÍFICOS OFICIAIS DESBROZADORES/AS

- 5.- *As ordenanzas xerais de protección do Medio Ambiente do concello de Vigo.*

- 6.- *Ferramentas e utensilios empregados na limpeza dos areais e os seus accesos. Características e uso. A motodesbrozadora.*
- 7.- *Contenerización nos entornos de praias.*
- 8.- *Unidades de medida de masa, tempo e lonxitude. Superficies e volumes de formas xeométricas usuais*
- 9.- *A limpeza urbana, concepto. Clasificación de áreas. Condicionantes nos servizos de limpeza.*
- 10.- *Prevención do ensuciamento. Utilización de papeleiras.*

TEMAS ESPECÍFICOS PEON LIMPEZA

- 5.- *As ordenanzas xerais de protección do Medio Ambiente do concello de Vigo.*
- 6.- *Ferramentas e utensilios empregados na limpeza dos areais e os seus accesos. Características e uso. A motodesbrozadora.*
- 7.- *Contenerización nos entornos de praias.*
- 8.- *A limpeza urbana, concepto. Clasificación de áreas. Condicionantes nos servizos de limpeza.*

15(435).- PRODUCTIVIDADE DOS CONDUTORES DE SEGURIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA. EXPTE. 19750/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 11.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- O recoñecemento aos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez Rodriguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, un complemento de produtividade por importe de 850.20 € cada un deles, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de oficial condutor de Alcaldía e as establecidas para os posto de gardas da policía local, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo ao 30 de setembro de 2009, con cargo a partida 121.0.1500000.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 850.20 € en concepto de produtividade a favor de cada un dos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez Rodriguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, con cargo a la partida 12111500000, polo periodo comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2009

Dese traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

16(436).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE CASABLANCA, 1ª FASE: RÚA SIMÓN BOLIVAR (ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA)”. EXPTE. 249/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 31.03.10, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o pasado 4 de novembro de 2009, acordou entre outros adxudicar á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. a obra de "Humanización do entorno de Casablanca, 1ª Fase: Rúa Simón Bolívar". A acta de replanteo formalizouse o pasado 19 de novembro, o prazo de execución das obras é de catro meses, concluíndo por tanto o pasado 19 de marzo.

Con posterioridade á firma da acta de comprobación de replanteo e dada a cercanía do nadal, a dirección de obra recibe indicacións de suspender os traballos para perxudicar aos comerciantes da zona o menos posible, tomándose a decisión de suspender os traballos ata despois das devanditas festas.

Esta situación orixinou un retraso no inicio da obra, polo que se fai necesario ampliar o prazo de execución ata o 19 de maio de 2010.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de “Humanización do entorno de Casablanca, 1ª Fase: Rúa Simón Bolívar (entre Venezuela e Praza Elíptica)”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 19 de maio de 2010, non significando incremento algún no importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(437).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CANDEÁN”. EXPTE. 248/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.04.10, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 4 de novembro de 2009, acordou entre outros adxudicar Construcciones Crespo, S.A. a obra de "Ampliación da rede de saneamento na Parroquia de Candeán". A acta de replanteo formalizouse o pasado 3 de decembro, o prazo de execución das obras é de catro meses, concluíndo por tanto o día 3 de abril.

Con posterioridade á firma da acta de comprobación de replanteo e dada a cercanía do nadal, a dirección de obra recibe indicacións de suspender os traballos para perxudicar aos residentes da zona o menos posible, tomándose a decisión de suspender os traballos ata despois das devanditas festas.

Esta situación orixinou un retraso no inicio da obra, polo que se fai necesario ampliar o prazo de execución ata o 28 de maio de 2010.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de " Ampliación da rede de saneamento na Parroquia de Candéán", pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 28 de maio de 2010, non significando incremento algún no importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(438).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. CONSTITUÍDA POR OBRAS NA RÚA CASTELAO-QUINTELA. EXPTE. 2640/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, o 7.03.10, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución do aval a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., constituída en data 01/02/2007, para responder dos danos que poideran ocasionarse por execución de obras na Rúa Castelao-Quintela, polo importe de 1.108,44 euros.

19(439).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A TENDIDOS MONCOSA S.A. CONSTITUÍDA POR OBRAS NA RÚA SANJURJO BADÍA. EXPTE. 60770/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, o 7.03.10, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución do aval a TENDIDOS MONCOSA S.A., constituída en data 26/01/2009, para responder dos danos que poideran ocasionarse por execución de obras na Rúa Sanjurjo Badía , polo importe de 796,05 euros.

20(440).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS DA UNIDADE REPARCELATORIA Nº 1 DE BOUZAS. EXPTE. 11153/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 5.04.10, asinado pola arquitecta municipal da Oficina de Barrios Históricos e o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 30.09.02 deu aprobación definitiva ao Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas (expte 5.2826/411).

En data 24.09.08 se solicita do Concello de Vigo a tramitación da Unidade Reparcelatoria número un do PEPRI de Bouzas (doc 80117314).

Por Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 13.10.08 se adoptou o seguinte acordo: "(...) 1.- Incoar expediente de normalización de predios da unidade <1> do <PEPRI de Bouzas>. 2.- Notificar individualizadamente a cada un dos titulares catastrais das parcelas que son obxecto da unidade de normalización <1> informándolles que no prazo de quince días os propietarios e titulares de dereitos están obrigados a exhibir os títulos que posúan e declarar as situacións xurídicas que coñezcan e afecten as súas fincas. A omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderán afectar ó resultado obxectivo da reparcelación. Si se apreciara dolo ou negligencia grave, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. 3.- Recabar de oficio do Rexistro da Propiedade certificación de titularidade e cargas de todas as fincas incluídas na unidade de reparcelación. Así mesmo, solicitar expresamente a extensión ó marxe de cada finca nota expresiva da incoación do expediente de reparcelación por esta Administración municipal (...)".

O 10.02.09 se recibe do Rexistro da Propiedade número 3 comunicación na que se certifica a titularidade das parcelas incluídas na unidade de actuación da reparcelación número un do PEPRI de Bouzas e a extensión ao marxe de cada finca de nota expresiva da incoación do expediente de reparcelación por esta Administración Municipal.

Unha vez outorgado o trámite de audiencia no que se achega diversa documentación, a propietaria de Simancas 20, aporta proposta de proxecto de normalización de predios asinado polo Arquitectos dona Úrsula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo Álvarez-Valdés González (visado o 3.09.09).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 2.02.10, adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de predios da "Unidade Reparcelatoria número 1" prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos Arquitectos dona Úrsula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo A. Álvarez-Valdés González <data visado 3.09.2009>. SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia aos interesados polo prazo de 20 días. TERCEIRO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a todos os propietarios do ámbito e ás persoas físicas e xurídicas que consten no Rexistro da Propiedade como titulares de dereitos reais (...)".

A descripción da proposta de normalizaicón con respecto ás parcelas de orixe, é a seguinte:

PARCELA	Superficie parcela	Parte % servidumbre	Total	Edificabilidade
Simancas, 10	17,76	1,04	18,80	34,17
Simancas, 12	20,04	1,17	21,21	38,55
Simancas, 14	47,64	2,78	50,42	91,65
Simancas, 18	17,07		17,07	31,03
Simancas, 20	323,88	18,90	342,78	623,10
Simancas, 22	42,57		42,57	77,38
Simancas, 24	11,53		11,53	20,96
Santa Cruz, 8	65,00		65,00	118,15
Servidumbre	23,89			
TOTAL	569,38		569,38	1035,00

Así mesmo, o proxecto de normalización describe como de resultado as seguintes fincas:

PARCELA	Superficie parcela	Edificabilidade
1	281,77	512,19
2	214,72	390,30
3	18,80	34,17
4	42,57	77,38
5	11,53	20,96
TOTAL	569,38	1035,00

Consta no expediente a publicación do acordo de aprobación inicial na edición do Faro de Vigo de 19.02.10 (páxina 7ª) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 26.02.10 (número 39).

Así mesmo, practicáronse as notificacións a cada un dos propietarios, tal e como consta no expediente administrativo.

Durante o prazo, presentáronse as seguintes alegacións:

- Dona Tania Martíns Fernández (doc 100026091, data de entrada 22.02.10).
- Dona María-José Carrera Vidal (doc 100035012, data de entrada 11.03.10).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto do presente expediente.- O presente expediente ten por obxecto a execución das determinacións previstas no PEPRI de Bouzas con respecto á unidade reparcelatoria número 1. A mesma se tramitou conforme o previsto no artigo 122 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e artigos 117 e seguintes do Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU). O

PEPRI de Bouzas apreciou para a zona delimitada de solo urbano consolidado, a necesidade de adaptar a configuración física das parcelas, sen que do expediente que resulte se altere os aproveitamentos atribuídos polo plan nin cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

2.- Contido do proxecto reparcelatorio.- O artigo 119 do RXU prevé como contido mínimo dun proxecto de reparcelación, o seguinte:

- a) Memoria xustificativa.*
- b) Relación de propietarios e interesados afectados.*
- c) Plano parcelario de información.*
- d) Plano de fincas normalizadas.*
- e) Cuenta de compensacións económicas cando procedan.*

Así mesmo no expediente consta a petición de información do Rexistro da Propiedade e catastral e conxunto de documentos aportados polos propietarios afectados pola actuación. Todos eles serviron de base para a elaboración do proxecto reparcelatorio.

Deuse audiencia a todos os propietarios e titulares de dereitos reais que constan nos datos recabados para a elaboración do proxecto de reparcelación e practícaranse as notificacións previstas no Real decreto 1.093/1997, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

3.- Análise individualizado de cada unha das alegacións presentadas polos interesados.- Consta a presentación de dous alegacións. A seguir se realiza unha contestación individualizada a cada unha delas:

- Alegación presentada por dona Tania Martins Fernández (doc 100026091, data entrada 22.02.10): Propoñe a modificación do proxecto de normalización no sentido de que a parcela correspondente a Simancas 14.

Resposta: A alegante unicamente presenta copia de documentación catastral que sinala que a superficie do terreo ten 55 m². Como establece o artigo 103 do Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se regula o regulamento de xestión urbanística, sempre prevalecerá a realidade naquel caso que exista discordancia entre cos títulos aportados. A documentación aportada non altera o informado polo departamento de cartografía nin polo levantamento topográfico achegado xunto co proxecto de normalización de predios.

Proposta: Desestimar a alegación.

- Alegación presentada por dona María-José Carrera Vidal (doc 100035012, data de entrada 11.03.10).- Fundamenta a súa alegación no sentido de entender que un expediente de normalización de precios non pode alterar máis que a configuración física das parcelas.

Resposta: Tanto o artigo 122 da LOUGA como os artigos 117 do Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, prevén a normalización de precios como un instrumento de redistribución da configuración física das parcelas para o seu axuste ao planeamento vixente. A regularización da situación física, non implica no presente caso que exista unha alteración da situación patrimonial dos aportantes dado que os seus dereitos son proporcionados á superficie coa única diferenza de que os mesmos son materializables nunha parcela axustada ás determinacións previstas polo Planeamento. Non se está

a realizar un proceso de desenvolvemento integral que conleve a una redistribución de cargas e beneficios.

Proposta: Desestimar a alegación.

3.- *Procedemento e órgano competente para a aprobación do expediente de normalización.- De acordo co previsto no artigo 122 da LOUGA e 117 e seguintes do RXU, procede a adopción de acordo de aprobación definitiva por parte da Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.d Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local –LRBRL-). Unha vez que o expediente de normalización adquira firmeza, deberá remitirse ao Rexistro da Propiedade para a inscrición das súas determinacións. Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 11.1 do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, de solo, deberá publicarse o acordo de aprobación definitiva do proxecto de normalización no Boletín Oficial da Provincia.*

Por todo elo, á vista do informado, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de predios da "Unidade Reparcelatoria número 1" prevista como tal no PEPRI de Bouzas, contida no proxecto redactado polos Arquitectos dona Úrsula Marta Bastos Riveiro e don Gustavo A. Álvarez-Valdés González (data visado 3.09.2009)

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, informando que contra o mesmo, con carácter potestativo, cabe interpoñer recurso potestativo ante a Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación do acto.

TERCEIRO: Publicar reseña de aprobación definitiva do expediente de normalización no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(441).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO II DO PERI IV-04 DO CALVARIO (ACTUAL APR 4-09 CALVARIO 6). EXPTE. 4624/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 5.04.10, que di o seguinte:

En data 7.10.08 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV 04 do Calvario <actual APR 4 09 "Calvario 6"> <expte 4624/401>. SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós titulares de dereitos de propiedade e arrendamento, informando que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. Ós titulares de dereito de arrendamento que é susceptible de ser indemnizada a súa extinción, informar que para que se proceda ó aboamento das cantidades previstas no proxecto de equidistribución, deberán

achegar xustificación evidente da condición de arrendatario tal e como se fixo mención nos antecedentes da presente proposta. **TERCEIRO.-** Comunicar a presente aprobación á oficina de patrimonio para que proceda a dar de alta os bens de dominio público que son obxecto de cesión pola aprobación do proxecto de reparcelación (espacios libres: a, c, d, e, g, j, servidumes de uso de superficie: b, f, h, i e o porticado previsto no proxecto). Así mesmo, dar de alta como ben patrimonial integrante no Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindiviso na parcela S-1 (1.779,20 m², 31,26 %). **CUARTO.-** De acordo co previsto na letra e do punto primeiro do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, incoar expediente que permita a comprobación das persoas que teñan a condición de ocupante legal ós efectos de recoñecemento do dereito de realoxamento. Para elo requírese expresamente ós ocupantes legais para que manifesten expresamente no prazo máximo de quince días a súa vontade de ser realoxados –naquel caso que non o fixeran ata este momento-, debendo xustificar a condición de ocupante legal á data de 12.09.05 (data de aprobación definitiva da modificación puntual do PERI do Calvario) (...)

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.03.09, se deu resolución aos recursos de reposición interpostos por diversos interesados. No mesmo acordo, no punto terceiro se establecía o seguinte: “(...) Remitir o proxecto de reparcelación, o acordo de aprobación definitiva e a presente resolución dos recursos de reposición ó Rexistro da Propiedade para os efectos da inscrición rexistral que resulta do acto de aprobación, informando que o mesmo é firme en vía administrativa. Así mesmo, achegar á remisión ó Rexistro xustificación da práctica de todas as notificacións e publicacións para que se proceda a cancelación das inscricións rexistrais das parcelas de orixe e apertura de fincas das parcelas de resultado, todo elo ó abeiro do establecido no Real decreto 1093/1997, de inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (...)”.

Logo da presentación o 21.04.09 da oportuna documentación no Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo, recibíuse comunicación do mesmo no que se suspendía a inscrición solicitada e expedición de nota calificación de 7.05.09 e 16.03.10.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.-**Obxecto do presente informe-proposta.-** O escrito remitido dende o Rexistro da propiedade número 2 de Vigo, contén diversas obxeccións con carácter previo á inscrición no Rexistro da Propiedade do proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV 04 do Calvario. ”. Algunha das obxeccións se subsanan coa simple comprobación no expediente do cumprimento dos trámites que regulamentariamente esixe o real decreto 1093/97, de 4 de xullo e, outras, precisan da realización dunha operación xurídica complementaria que que veñen regulados ó abeiro do artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. As mesmas teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatario, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo. As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deben ser aprobadas por el órgano urbanístico actuante.

2.- **Análise individualizada das obxeccións que motivaron a suspensión da inscrición solicitada.**

- **Punto 1º:** Necesidade de reflexo da proporción que representa na parcela de resultado “S-10” cada unha das catro fincas de orixe números 34.606, 34.610, 34.612 e 34.616. Así mesmo, debe reflexarse na parte correspondente á titular rexistral dun sesto do usufructo.

Proposta de subsanación: Correxir a omisión no proxecto de reparcelación, segundo o cadro de correspondencias que se achega como anexo I da presente proposta.

- Punto 2º: Falla do domicilio e o DNI dos adxudicatarios da parcela de orixe número 6.

Proposta de subsanación: Correxir a omisión no proxecto de reparcelación.

- Punto 3º: Reflexo da titular rexistral dun dereito de usufructo da parcela de resultado “S-7”.

Proposta de subsanación: Correxir a omisión, segundo cadro de correspondencia que se achega como anexo I da presente proposta.

- Punto 4º: Reflexo na parcela de resultado “S-6”, na parte correspondente aos titulares da parcela de orixe número “8”, a parte correspondente ao titular rexistral de tres sextas partes indivisas en pleno dominio e unha sexta parte en usufructo.

Proposta de subsanación: Correxir a omisión, segundo cadro de correspondencia que se achega.

- Punto 5º (punto 2º nota calificación 16.03.10): Falla da realización dos trámites necesarios para a reanudación do tracto sucesivo interrompido sobre a finca de orixe número “12”.

Proposta de subsanación: En data 22.06.09, a Xerencia municipal de urbanismo dirixiu escrito aos titulares da parcela de orixe número “12” para que se procedera á realización dos trámites previstos no artigo 9º do Real decreto 1093/1997, de 4 xullo, para a reanudación do tracto sucesivo. No mesmo escrito, facíase a expresa advertencia que naquel caso que non se fixera, o proxecto de reparcelación reflexará exactamente a situación xurídica que consta no Rexistro da Propiedade. Dado que non consta a realización de tramite algún, procede rectificar o proxecto de reparcelación con adxudicación aos titulares rexistrais. A notificación foi dirixida en data 22.06.09 e recibida o 2.07.09, tal e como consta no expediente administrativo.

En canto á segregación parcial da finca número 12 de orixe situada fora da delimitación do polígono, de acordo co previsto no artigo 8º do Real decreto 1093/1997, a aprobación definitiva do proxecto de equidistribución será título suficiente para a inmatriculación de fincas que careceran de inscrición e a rectificación da súa extensión superficial ou os seus lindes. O acto de aprobación do instrumento reparcelatorio, implica a segregación da parte de terreo que se incluíu dentro da delimitación do polígono 11, sen prexuízo de que a Comunidade de Propietarios teña que adaptar os seus estatutos e división horizontal á nova situación xurídica. Tal é a conclusión á que chegou a “Dirección General de los Registros y del Notariado” o 17.10.05 para o caso dunha expropiación (<no puede condicionarse la viabilidad del procedimiento expropiatorio debatido respecto de dicha parte de casa al consentimiento de los titulares de las otras partes determinadas de la misma casa también individualizadas independientemente en los asientos registrales <...>). En consecuencia, a segregación ven autorizada pola Administración municipal pola propia aprobación do proxecto de reparcelación, feito que deberá comunicarse e instarse ao Rexistro da Propiedade a realización da operación de segregación.

- Punto 6º (punto 3º nota calificación 16.03.10): Falta do consentimento da Comunidade de Propietarios do edificio sito no número 132 da Rúa San Roque para a indemnización do terreo inherente ao sótano e descrito no proxecto de reparcelación como finca de orixe número “13 bis”. Reflexo da proporción na porcentaxe do 45,27 % da finca de resultado “S-10” e na “S-11” das fincas de orixe “13 bis” e “14” ó abeiro do establecido no artigo 11.5 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

Proposta de subsanación: En canto á segregación, de acordo co previsto no artigo 8º do Real decreto 1093/1997, a aprobación definitiva do proxecto de equidistribución será título suficiente para a inmatriculación de fincas que careceran de inscrición e a rectificación da súa extensión superficial ou os seus lindeiros. O acto de aprobación do instrumento reparcelatorio, implica a segregación da parte de terreo que se incluiu dentro da delimitación do polígono 11, sen prexuízo de que a Comunidade de Propietarios teña que adaptar os seus estatutos e división horizontal á nova situación xurídica. Tal é a conclusión á que chegou a “Dirección General de los Registros y del Notariado” o 17.10.05 e que foi trascrita parcialmente no punto 5º. En consecuencia, a segregación ou parcelación da parcela ven derivada e autorizada pola aprobación do instrumento reparcelatorio.

Por outra parte, corríxese a omisión das porcentaxes de participación aludidas no escrito de calificación da nota da Sra. Registradora, segundo cadro de correspondencias que se achega.

En cuanto á carga hipotecaria inscrita a favor do “Banco de Galicia” (actual, “Banco Popular Español”), procédese a súa notificación para que exprese ao seu consentimento a que a carga, de non ser liquidada, se manteña exclusivamente respecto ao garaxe exterior ó ámbito de actuación, quedando liberada da mesma a finca 13-bis.

Deberá reflejarse no proxecto de reparcelación a incompatibilidade da servidumbre que recae sobre o terreno anexo ao sótano e como tal, solicitarase expresamente a súa cancelación.

- Punto 7º (punto 4º nota calificación 16.03.10): Necesidade de coñecer a identidade dos propietarios da finca de orixe número “25”.

Proposta de subsanación: Dado que do expediente non se pode deducir quen son os propietarios reais (en concepto de herdeiros) da titular orixinaria da finca número “28”, procede rectificar o proxecto de reparcelación no sentido de reflexar como titular ao Concello de Vigo (artigo 10.2 do real decreto 1093/1997, de 4 de xullo), con carácter fiduciario e para a súa entrega a quen acredite mellor dereito sobre a mesma, sen prexuízo da intervención do Ministerio Fiscal.

- Punto 8º (punto 5º nota calificación 16.03.10): Reflexo da proporción que representa a porcentaxe do 70% do 7,52 % da parcela “S-1” de resultado cada un dos pisos primeiro e segundo do edificio número 152 da Rúa San Roque, integrante no número 28 de orixe. Necesidade de inmatriculación con carácter previo do edificio no seu conxunto e a constitución no mesmo o réxime de propiedade horizontal.

Proposta de subsanación: Se corríxese a omisión no cadro que se achega como anexo I.

- Punto 9º (punto 6º nota calificación 16.03.10): *Falla da realización dos trámites necesarios para a reanudación do tracto sucesivo interrompido sobre a finca de orixe número “29”.*

Proposta de subsanación: En data 22.06.09, a Xerencia municipal de urbanismo dirixiu escrito aos titulares da parcela de orixe número “29” para que se procedera á realización dos trámites previstos no artigo 9º do Real decreto 1093/1997, de 4 xullo, para a reanudación do tracto sucesivo. No mesmo escrito, facíase a expresa advertencia que naquel caso que non se fixera, o proxecto de reparcelación reflexará exactamente a situación xurídica que consta no Rexistro da Propiedade. Dado que non consta a realización de tramite algún, procede rectificar o proxecto de reparcelación facendo constar como titulares aos rexistrados. A notificación foi dirixida ás persoas que constaban como titulares de parcela de orixe no proxecto de reparcelación aprobado definitivamente e foi entregada o día 1.07.09.

- Punto 10º (punto 7º nota calificación 16.03.10): *Falla de acreditación da parcela de orixe “31” e a rexistral número 30.310.*

Proposta de subsanación: Recabouse información rexistral da finca número 30.310, apreciando a identidade da mesma coa definida como número 31 de orixe. A súa descripción segundo a inscrición rexistral é a seguinte: “(...) Urbana. Casa de planta baixa número 202 de la calle Andalucía de Vigo, y terreno unido a su espalda destinado a labradío y viña en parte alambrada y posteada, formando una sola finca cerrada sobre sí, en la denominación de <Couto del Pomente> o <Couto Piñeiro de Arriba> y <Leira de Pancho>, de la superficie general aproximada de un área sesenta y siete centiáreas(...)”. A superficie é de cento sesenta e sete metros cadrados e os seus lindeiros: Norte, rúa Andalucía, de Ubaldo Pérez Martínez e Antonio Ledo; Sur: parcela que se segrega e herdeiros de Ramón Ledo e outros; e Oeste, Eduardo Rodríguez e en parte camiño de servizo de dous metros de ancho, propiedade desta finca e despois de camiño de Antonio Ledo. Figura inscrita ao Tomo 1065, Libro 488, Finca 30.310, folio 133, a favor de D. Alberto Seijo Villarino y Dª Victoria García Hervella, en pleno dominio para a súa sociedade de gananciais por título de segregación. Achégase nota informativa expedida polo Rexistro da Propiedade.

En canto á reanudación do tracto, requeriuse aos titulares o 11.07.09 tal e como consta no expediente administrativo.

- Punto 11º (punto 8º nota calificación 16.03.10): *Reflexo da proporción na porcentaxe do 90% do 51,63% da parcela “S-10” de resultado cada unha das oito fincas rexistradas números 45.439, 45.441, 45.443, 45.445, 45.447, 45.449, 45.451 e 45.453 que forman parte da finca número “34” de orixe.*

Proposta de subsanación: Aportar a mencionada información.

- Punto 12º (punto 9º nota calificación 16.03.10): *Necesidade de notificación da entidade crediticia titular dun dereito de hipoteca sobre un piso da finca de orixe número “37”.*

Proposta de subsanación: Remitir a acreditación da notificación á entidade crediticia. Achegarase acreditación da notificación.

- Punto 13º (punto 19º nota calificación 16.03.10): Falla da realización dos trámites necesarios para a reanudación do tracto sucesivo interrompido sobre a finca de orixe número “39”.

Proposta de subsanación: En data 22.06.09, a Xerencia municipal de urbanismo dirixiu escrito aos titulares da parcela de orixe número “39” para que se procedera á realización dos trámites previstos no artigo 9º do Real decreto 1093/1997, de 4 xullo, para a reanudación do tracto sucesivo. No mesmo escrito, facíase a expresa advertencia que naquel caso que non se fixera, o proxecto de reparcelación reflexará exactamente a situación xurídica que consta no Rexistro da Propiedade. En data 18.09.09 (doc 90134153) e 6.10.09 (doc 90142048), aportouse documentación na que non consta a realización dos trámites aludidos no artigo 9º do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo. Xa que logo, procede a rectificación do proxecto de reparcelación.

- Punto 14º e 15º (punto 11º y 12º nota calificación 16.03.10) : Necesidade de aportar dous exemplares de certificacións e proxecto de reparcelación para a constancia no Rexistro da Propiedade ó abeiro do establecido no artigo 2º do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo. Así mesmo, tendo en conta o artigo 3º do mesmo texto legal, se precisa achegar dúas copias dos planos, unha para o arquivo no Rexistro e outra para a súa remisión á Xerencia do Catastro.

Proposta de subsanación: Remitir a documentación aludida.

- Punto 16º: Necesidade de aclaración si se manteñen as edificacións existentes nas fincas de orixe número 12, 14, 26, 27, 32, 35 e 36.

Proposta de subsanación-aclaración: No proxecto de reparcelación prevé a conservación das edificacións que constan como fincas de orixe número “12” e “14” por ser adxudicadas ós mesmos titulares. Con respecto ao resto de fincas, carecen de edificación ou a mesma está en estado de ruína pese a descripción das parcelas de orixe, circunstancia que debe constar no proxecto de reparcelación. En consecuencia, a descripción das edificacións existentes respectivamente nas fincas de orixe núms. 12, 14, 26, 27, 32, 35 e 36 deberase trasladar ás respectivas parcelas de resultado.

- Punto 17º (punto 14º nota calificación 16.03.10): Necesidade de determinación con claridade qué espazos libres son cedidos en pleno dominio e en uso de superficie e neste caso debe concretarse quen é o dono do subsolo. Considera que é necesario constituir un complexo inmobiliario con respecto ás fincas de orixe número “10-bis”, “15-bis”, e “21”. Con respecto á finca de orixe número “2-bis”, debe constar que se trata da finca rexistral número “43.135 bis” inscrita a nome do Concello de Vigo como terreo inedificable destinado a zona verde en virtude de escritura de cesión outorgada o 22 de xuño de 1989 ante o Notario de Vigo, don Roberto Martínez Martínez.

Proposta de subsanación-aclaración: En primeiro lugar, como reflexo do documento de ordenación que trae causa do acordo plenario de 12.09.05 polo que se aprobou definitivamente a modificación puntual do PERI do Calvario, a delimitación do polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, definíronse as zonas que son obxecto de cesión como ben de dominio público e en cesión de uso de superficie. De tal xeito, debe establecerse que son espazos libres cedidos en pleno dominio os relacionados coas letras “B”, “C”, “D”, “E”,

“G” e “J”, cedidos para o seu destino como bens de dominio público, tal e como se establece no punto terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 7.10.08 de aprobación definitiva do instrumento reparcelatorio. Con respecto a estas superficies de cesión, deben realizarse a consideración de que deben ser realizadas libres de toda carga e condicionante ó abeiro do establecido no artigo 118 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). Polo tanto, debe eliminarse, por tratarse dun erro material, na descripción das cargas de todas as cesións de zonas libres de dominio e uso público (apartado IV.1) a seguinte referencia “(...) No obstante, en lo que en aplicación de las Ordenanzas del PERI IV-04 <O Calvario> la ocupación en sótanos sobrepase el ámbito de las parcelas edificables colindantes, la cesión será de uso de superficie (...)”.

A constancia da aludida expresión, supoñe un mero erro de transcripción dado que contradice o propio acordo da Xunta de Goberno Local de 7.10.08 que establece que a obriga de cesión de espazos libres e zonas verdes, debe ser en pleno dominio e libre de toda carga. Así mesmo, o propio instrumento reparcelatorio no documento gráfico número 6 (plano “Superposición con estado actual”), diferencia as parcelas que son cedidas en superficie daquelas que son obxecto de cesión en pleno dominio, sen que na descripción das mesmas se establece ningún condicionante. O erro é tan evidente que segundo a Xurisprudencia (STS 18.06.01) que se trata dun erro caracterizado por ser ostensible, manifesto e indiscutible e evidente en sí mesmo, sen necesidade de maiores razonamentos e por exteriorizarse “prima facie” pola a súa sóla contemplación. O erro a rectificar, non altera ou modifica a situación xurídica dos propietarios integrados no polígono e non outorga nin restrinxe ningún dereito de tipo patrimonial sobre as parcelas de titularidade pública e calificadas como bens de dominio público tra-la aprobación do proxecto de reparcelación pola Xunta de Goberno Local. En conclusión, o erro detectado é susceptible de ser rectificado por acordo da Xunta de Goberno Local sen máis trámite, sendo o instrumento idóneo para o efecto a utilización da denominada “operación xurídica complementaria” tramitada e co contido previsto no artigo 174 do Real decreto 3.288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística.

Por outra parte, as parcelas de resultado “B”, “F1”, “H” e “I”, corresponden a porcións de terreo sobre as que xa foi cedido o uso en superficie tra-la execución de edificacións e conseguinte materialización do aproveitamento que no seu día outorgaba o polígono orixinal e que forman parte do Patrimonio do Concello e cuxos dereitos edificables forno materializados na proporción do soar excluída da delimitación do polígono número 11 modificado. Tal circunstancia queda debidamente motivada no expediente de modificación do PERI do Calvario e do polígono (expte 7088/411), así como no punto 1.1.4 da Memoria do proxecto de reparcelación (4624/401). Corresponden a licenzas outorgadas a don Tomás Rodríguez Costas nas descritas no proxecto de reparcelación como parcela “10-bis” (expte 977/421), “15-bis” (expte 21736/421) e “21” (expte 2871/1982).

- Punto 18º (punto 15 nota calificación 16.03.10): Falla de acreditación da aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Proposta de subsanación: Remitirase copia da publicación realizada no aludido diario oficial.

- Punto 19º (punto 14º nota calificación 16.03.10): Reflexo da situación rexistral da finca de orixen número 21.

Tra-la comunicación realizada polo Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo, conséntase que o Concello de Vigo ten inscrito ó seu favor os dereitos de uso de superficie e de pleno dominio derivadas da licenzas de construción outorgadas baixo o expediente E-3204/76 e 2871/82 a don Manuel Rodríguez Costas (correspondente á parcela 23 mencionado no proxecto de reparcelación) e formalizadas en escritura pública o 5.03.84 ante o Notario de Vigo don Luciano Canoa Galiana.

Por todo elo, é preciso que o proxecto de reparcelación reflexe a situación rexistral dos dereitos do Concello con respecto á parcela de orixe número 21: Por unha parte, os usos de superficie de 705 m² (finca rexistral número 29.211) e de 159,96 m² (finca rexistral número 30.548). Ambas suman un total de 864 metros cadrados e a súa ubicación corresponde coa parcela de orixe número 21 do proxecto de reparcelación.

Así mesmo, o Concello de Vigo é titular dun dereito de pleno dominio dunha superficie de 169,74 metros cadrados destinados a viais, zonas verdes, sendas peatonais etc...Constan no Rexistro da propiedade na finca número 36.065.

Tendo en conta a situación real, dos datos obrantes no expediente, conséntase que a descripción real da parcela de orixe número 21 é a seguinte:

- Dereitos de uso de superficie a favor do Concello de Vigo descritos con posterioridade como parcelas de resultado "I": 477,32 m².

- Dereitos de uso de superficie a favor do Concello de Vigo que son descrito como de resultado "H": 196,84 m².

- Resto de terreo destinado a viario, zona verde, sendas peatonais etc...: 325,26 metros cadrados. Forma parte da superficie a parcela obxecto de cesión tra-la obtención da licenza (finca 36.065) e a superficie de terreo que tivo como destino público de viario dende tempo inmemorial.

Total superficie parcela de orixe número 21: 999,42 metros cadrados.

En atención ao previsto no apartado primeiro do artigo 18º do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, solicitarase a rectificación de datos descritivos relativos as porcións de terreo descritas no proxecto de reparcelación como de orixe número 21.

Proposta de subsanación: Referencia no proxecto de reparcelación con respecto á parcela de orixe número 21 dos datos facilitados polo Rexistro da Propiedade en relación ós dereitos inscritos a favor do Concello de Vigo, solicitar a rectificación da superficie dos datos do Rexistro en canto a superficie, con carácter previo a súa cancelación como finca de orixe.

- Punto 20º (punto 14º nota calificación 16.03.10): Dende o Rexistro da Propiedade se poñen en cuestión a orixe das cesión correspondentes ás parcelas de resultado letras "A", "B", "C" e "F".

As mesmas veñen derivadas da concesión de licenzas para a construción das edificacións das parcelas descritas como parcelas 9ª (expte 5564/81), 10ª (977/421) e 15ª (21736/421), todas elas exteriores ao polígono, salvo o referente aos sotos da parcela número quince que motivan a constitución dun dereito de uso da superficie a favor do Concello e que ven descrito no proxecto de reparcelación como parcela de orixe “15-bis”.

A concesión das licenzas de construción da parcela 9ª (expte. 5564/81) e 15ª (expte. 21.736/421) supuxo o compromiso de cesión ao Concello de 156 m² de terreo e 171 m² de uso de superficie. Non consta a formalización das mencionadas cesións. Así mesmo, á hora de comprobar as superficies efectivamente cedidas e localización das mesmas, tense que ter en conta que ambas licenzas foron outorgadas con anterioridade á execución do “Proxecto de urbanización e apertura da primeira transversal da Rúa Cotón” –acordo plenario de 20.01.88- e estaba en proceso de urbanización e apertura a rúa Ruiseñor (antigua Cotón). Por todo elo, resulta razoable localizar as cesións da edificación contida como 9ª (expte 5564/81) e 15ª (expte. 21736/421) que se viron completadas por outras necesarias para a apertura da transversal da antiga rúa Cotón.

De tal xeito, no proxecto de reparcelación (con respecto á parcela de orixe número “15-bis”, debe describirse unha superficie de cesión de uso de superficie (a denominar como “F1”) de 99 metros cadrados, difereciada do resto de superficie (101,13 m², a denominar como “F2”) cuxo reflexo como parcela de resultado será independente e será calificada polo proxecto de reparcelación como cesión en pleno dominio.

Con respecto á parcela definida como de orixe “10 bis”, pertence ao Concello en virtude de “Proxecto de urbanización e apertura de vial da primeira transversal da Rúa Cotón –acordo plenario de 20.01.88-”, tramitado baixo o número de expediente 194/410 e que conclúe coa concesión da licenza de construción sito na parcela definida no proxecto de reparcelación número 10 (expte 977/421). De acordo co previsto no expediente, a mesma é cedida en propiedade salvo a “servidumbre existente ya anteriormente de un túnel baixo ella, de comunicación entre los garajes de los edificios que hacen esquina en su inicio” (transcripción literal do informe do técnico municipal informante da licenza de data 8.08.88). Logo da comprobación “in situ” polos técnicos informantes ambos edificios (edificio parcela “9” e “15” están comunicados polos sótanos, para un total de 66,55 metros cadrados (pasando a denominarse, como de resultado “A1”, que son usados polo público en xeral dende a construción das edificacións. O carácter público das cesión é reafirmada pola execución das obras de urbanización da transversal da Rúa Cotón, dado que doutra forma nunca acadaría a condición de soar e non sería posible o outorgamento da licenza urbanística para a edificación descrita como número “10”. Todo elo, con independencia de que non existe constancia da formalización de todas as cesións.

Con respecto á licenza número 977/421, tense que informar que pese a que non existe constancia na licenza, comprados o sótano polos informantes, chégase á conclusión de que a edificación descrita como “10” está comunicada por outra paso cos sotos do edificio previsto co número “15” para un total de 18,12 metros cadrados (a denominar “A2”).

O resto das superficies ata un total de 168,25 m² que ten a parcela de orixe “10 bis”, debe considerarse como cesión de pleno dominio a favor do Concello.

O título polo que o Concello é titular das mencionadas superficies (sin que as mesmas sexan susceptibles de xenerar aproveitamento a favor da Administración Local) é derivada da execución das determinacións das diferentes licenzas, pese a que a realidade non reflexa o executado efectivamente polo promotor das tres edificacións.

Non obstante, nos diferentes expedientes constan diversos documentos que a seguir se relacionan:

- “Escritura de declaración de obra nova e parcelación horizontal dun edificio” outorgada por don Tomás Rodríguez Costas ante o Notario don Alberto Casal Rivas o 29.03.89 (protocolo número 1.123). Na mesma (punto IV, letra g.), establécese o seguinte: “(...) el compareciente queda facultado, por sí solo, y sin ninguna otra concurrencia, ceder al Ayuntamiento la parte de finca destinada a viales y demás servicios a que hace mención la licencia municipal de este edificio, por lo que la mera adquisición de una entidad o cuota indivisa de la misma en el inmueble, será considerada como el otorgamiento de un poder suficiente e irrevocable a varo del compareciente para el otorgamiento de la escritura de cesión indicada en la referida licencia municipal, pues, las necesarias segregaciones (...)”.

- “Copia do Acta de outorgada ante o Notario don Alberto Casal Rivas en data 11.10.89 pola que no curso do expediente 977/421 (licenza para a edificación descrita como número “10”), manifesta o seguinte compromiso: “(...) El compareciente o de quien el traiga causa, se compromete a incorporarse a la Junta de Compensación del Polígono en que se emplaza la finca antes descrita, en el momento que se constituya, asumiendo los compromisos y cargas que de la misma se deriven (...)”. Resulta tal manifestación, unha consecuencia do outorgamento dunha excepcionalidade á xestión por compensación do ámbito e que permitiu a construción da edificación relacionada con anterioridade. Non obstante, o Concello esixiu que existise un compromiso de adhesión a unha hipotética xestión urbanística posterior, conservando como contido do seu dereito de propiedade a obrigas derivadas de tal feito. Unha das obrigas previstas aos propietarios integrados nunha Xunta de Compensación é a de ceder os terreos a favor do Concello e a asunción de cantos gastos de urbanización sexan necesarios no polígono (artigos 126 e seguintes do Texto refundido da Lei do solo de data 9.04.76, vixente no momento de concesión da licenza).

Por todo elo, á vista das facultades relacionadas con anterioridade a favor de don Tomás Rodríguez Costas, procede a adopción de acordo de aceptación da totalidade das cesións realizadas tra-la execución das edificacións cuxas licenzas corresponden ás edificacións exteriores ao polígono denominadas baixo o número “15” da don Tomás Rodríguez Costas está facultado para formalizar. Con respecto á superficie de terreo descrita no proxecto de reparcelación como “10 bis”, aportarase certificación tramitada ao abeiro do establecido no punto segundo do artigo 30 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

Proposta: Referencia no proxecto de reparcelación con respecto á parcela de orixe 15 bis 10 bis conforme os datos obrantes no expediente e na realidade física existente. Aportar documento administrativo de aceptación das cesións efectivamente realizadas e aporte de certificación de tramitación de expediente ao abeiro do establecido no artigo 30 do real decreto 1093/1997.

Punto 21º (punto 16º nota calificación 16.03.10): A Sra. Registradora realizou certas observacións sobre a cuota de participación da edificación sita na parcela de orixe número “19” na división horizontal sinalado co número 16 da Rúa Gregorio Espino/Esquina Ruisieñor (consta no proxecto de reparcelación co número 23). En efecto, a división horizontal foi outorgada por don Manuel Rodríguez Costas en data 18.06.79 ante o Notario de Vigo, don Alfonso Leirós Fernández (consta co número 1.796 do seu protocolo). Outórgase unha porcentaxe de participación nun 0,50% nos elementos comúns, sen que teña que sufragar gastos de conservación dado que se fai constar que está separada físicamente da edificación.

Para solventar a afección da aprobación do proxecto de reparcelación na división horizontal da edificación de Gregorio Espino-16, a entidade actualmente propietaria do inmovible (“Fegaunión, S.A.”) deu conta da remisión de escrito á Comunidade de Propietarios na que textualmente se comunica o seguinte: “(...) A la vista de lo anterior, la finca registral número 33.639 pasará a formar parte del Patrimonio Municipal y por tanto se COMUNICA al Presidente de la Comunidad de Propietarios del edificio señalado con el nº16 de la c/ Gregorio Espino que queda a disposición de dicha Comunidad la cuota de 0,50% que se atribuye en la citada escritura de Obra Nueva y División Horizontal a la finca incluida ahora en el PERI del CALVARIO, Proyecto de Reparcelación (...)”.

Proposta: Remitir xustificación de remisión de comunicación dirixida á Comunidade de Propietarios número 16 de Gregorio Espino 16 e, no seu caso, acordo da Comunidade de Propietarios.

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.

Por todo elo, en base ao informado, formúlase á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Aprobar a operación xurídica complementaria do polígono 11 do “PERI IV 04” do Calvario (actual “APR 4 09 <Calvario 6>”), consistente na aportación da documentación e rectificación das cuestións aludidas no punto segundo do presente informe proposta.

2.- Notificar o acordo que se adopte, a todos a aquelas persoas que puideran quedar afectadas na súa situación con respecto ao documento de equidistribución aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7.10.08 (expte 4624/401).

3.- Informar que contra o acordo que se adopte, poderá interpoñerse con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(442).- PROXECTO DE “FOMENTO DO VOLUNTARIADO NO MUNICIPIO DE VIGO” PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE ACCIONS DE VOLUNTARIADO DO 2010. EXPTE. 303/322.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 05-04-2010, do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“Proxecto de “Fomento do Voluntariado no Municipio de Vigo” para presentar á convocatoria de subvencións para a realización de accións de voluntariado do 2010

Exp.- 303/322

A Orde do 3 de marzo de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2010

A Oficina Municipal de Voluntariado (OMV), dependente da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, ten entre as súas competencias o fomento do voluntariado na cidade de Vigo, de xeito directo e en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro dese ámbito, cos seguintes obxectivos:

Dotar de presenza ao Concello de Vigo no ámbito da acción voluntaria na súa área de influencia.

Acadar os recursos humanos, materiais e económicos necesarios para a posta en marcha das iniciativas contempladas no presente proxecto.

Dinamizar e afianzar a Oficina Municipal de Voluntariado como un dos referentes no ámbito do voluntariado na cidade.

Promover e fomentar, dende a OMV, a participación solidaria da cidadanía nas actividades de índole social, cultural e medioambiental que se contemplan no proxecto.

Facilitar ás entidades de acción voluntaria e aos voluntarios/as formación e asistencia técnica en torno á xestión e metodoloxía da acción voluntaria.

Promover actuacións que faciliten o encontro das entidades de voluntariado do ámbito municipal para o intercambio de experiencias.

Profundizar na realidade do voluntariado e na súa implicación no programa de voluntariado, de xeito que o coñecemento teórico retroalimente a mellora práctica das accións emprendidas.

Coa finalidade de acadar estes obxectivos a OMV, ten preparado o proxecto-memoria que se achega, que prevé o desenvolvemento de catro accións:

1. Formación para o voluntariado da OMV, coa realización dos seguintes cursos:

- 1. Tres cursos de iniciación ao voluntariado, tratando aspectos básicos, e orientando sobre os proxectos da OMV.*
- 2. Catro cursos Específicos de Voluntariado, de temáticas distintas relacionadas coa adquisición de habilidades relacionais e de comunicación.*
- 3. Seminarios para Entidades: Actividades para técnicos/as, directivos/as ou voluntarios/as en entidades.*
- 4. Dous obradoiros de relaxación.*

2. Xuntanzas de coordinación e seguimento:

1. *Catro coas entidades.*
2. *Dúas coas persoas voluntarias.*

3. Voluntarios/as en acompañamento coa finalidade de:

1. *Cubrir no posible as necesidades de acompañamento de índole humanitaria*
2. *Axudar en caso necesario, nas tarefas administrativas, de saúde, etc.*
3. *Facer un seguemento do voluntariado para que non se sinta desprotexido.*

4. Organización de eventos.

1. *Orientar e asesorar ás persoas que queiran colaborar apoiando na organización de eventos.*
2. *Ofrecer un espacio de intercambio e información sobre o xeito de actuar cando de eventos deportivos, sociais e culturais se trata.*
3. *Proporcionar os coñecementos e habilidades necesarias para a intervención con multitudes.*

5. Voluntariado Ambiental:

1. *Concienciar á poboación da necesidade de ser respetuoso co noso medio natural.*
2. *Recuperar ecosistemas naturais deteriorados pola acción das persoas.*
3. *Desenvolver tarefas mediambientais en espazos de interese natural do Concello de Vigo.*
4. *Promover a formación das persoas voluntarias a través de actividades de formación específica.*

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Promoción Económica e Emprego, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS

1. *Aprobar o proxecto-memoria para presentar á convocatoria da Consellería de Traballo e Benestar pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado que se resumen no anexo I.*
2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 6.000,00 € para o desenvolvemento do proxecto-memoria aprobada.*
3. *Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento deste proxecto, no caso de ser aprobado pola Xunta de Galicia.*
4. *Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN A CONCELLEIRA INVITADA SR. DÍAZ VÁZQUEZ.

23(443).- CONDENA AO ATAQUE Á VIVENDA DO CONCELLEIRO DO GRUPO SOCIALISTA D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ.

A Xunta de Goberno local, por iniciativa de D. Santiago Domínguez Olveira, acorda facer constar en acta a súa condena do ataque cun cóctel molotov á vivenda que o concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez ten en Coruxo e a solidariedade co mencionado concelleiro.

24(444).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS-NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SELECCIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A CONTRATACIÓN DA ESPECIALIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EMPREGOS E EMPREGADAS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19711/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe xurídico do 26 de marzo de 2010, o informe de fiscalización do 8 de abril de 2010 , e de acordo co informe-proposta das técnicas de Prevención de Riscos Laborais do 6 de abril de 2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 19711-220 para poder acurtar os prazos e poder continuar co Servizo de Vixilancia da Saúde no mes de abril, tendo en conta que o contrato menor existente na actualidade remata o 15 de abril do 2010, e que o elevado número de empregados públicos municipais (e polo tanto de recoñecementos médicos) fai necesario que o contrato non se atrase. Ademais a obriga legal de realización de vixilancia da saúde ao inicio da contratación obriga a ter este servizo cuberto durante todo o ano, tendo en conta a gran cantidade de persoal que se contrata nos diferentes plans de emprego, obradoiros de emprego, escolas taller, etc...

Segundo.- Aprobar o gasto de 56.250 euros para a contratación de Servizo Prevención Alleo para a realización da Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo por un período de 4 meses e medio, que se imputarán á partida 221.0.160.08.00, dos presupostos do ano 2010.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación dun Servizo de Prevención Alleo para a cobertura da especialidade de Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 05-03-2010, o informe adicional de data 05-03-2010 e o prego de cláusulas administrativas

particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 16-03-2010.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

25(445).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Ó CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO “OPEN IBÉRICO DE CICLISMO”. EXPTE. 9366/333.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 23 de marzo emitido polo director deportivo do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo a organizar o vindeiro sábado 17 de abril de 2010, a volta ciclista denominada TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO- Dito evento terá a súa saída neutralizada ás 16.00 horas en Bembrive (Cultural Helios), en dirección a A Garrida pola estrada de Porto e con enlace cara a Porriño, rematando en Bembrive ás 19.00 horas.

26(446).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 19791/220

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 8 de abril de 2010, do técnico de organización de Recursos Humanos conformado pola xefa do servizo e visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral de 9 de abril de 2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento de tres funcionarias interinas por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Contratación e, Benestar Social, contidas nos escritos de datas 23 de febreiro e 26 de marzo de 2010.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. MARTA HERMIDA

AMARELO, DNI 33.312.655-F, D^a. CATIA ASCENSIÓN PRESA PALOS, DNI 44.449.789-N e, D^a. NURIA MARIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 33.225,99€, con cargo á partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

27(447).- CONVOCATORIA SUBVENCIONS ASOCIACIONES XUVENIS 2010. EXPTE. 2735/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.03.10, o informe de fiscalización do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 8.02.10, conformado pola concelleira Delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2010.

2º.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 24.000 € con cargo á partida orzamentaria 4520.489.00.00 “subvencións para o fomento de actividades xuvenís” do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENIS. CONCELLARÍA DE XUVENTUDE. 2010.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida

orxamentaria 4520.489.00.00 “subvencións para o fomento de actividades xuvenís”, un crédito por un importe total de 24.000€ (Vinte catro mil Euros); crédito orxamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2010.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen ás entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2010;

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 24.000 euros (Vintecatros mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orxamentaria para 2010; 4520.489.00.00 “Subvención para o fomento de actividades xuvenís”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá).

b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as – mínimo 50% da xunta directiva- que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal do Concello de Vigo (Depto. Participación Cidadá).

c) Grupos de mozos/as non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de cinco persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.

1. Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación.00

2. Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.

3. A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente, as entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal, entidades que presenten proxectos que impliquen

discriminacións por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social, as asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores, as entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo, entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido, e, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.

- 3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*
- 4.- Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*
- 5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.*

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1º.- Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
- 2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- 3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*
- 4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*
- 5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 14 puntos:

Valorarase ata un máximo de 14 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- Aspectos da entidade..... Máximo 3 puntos

<i>Experiencia e traxectoria (0.02 /mes)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)</i>	<i>Máx.0.50 puntos</i>
<i>Ser especificamente xuvenil (0.15 / cada membro xunta directiva menor de 30 anos)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
<i>Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>

- Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 8 puntos

<i>Calidade e solidez do proxecto en conxunto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Fundamentación e estrutura do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Coherencia do proxecto coas necesidades da mocidade actual</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
<i>Adecuación aos obxectivos xerais da convocatoria</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.</i>	<i>Máx.1 punto</i>

- Recursos e financiamento.....Máximo 2 puntos

<i>Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto</i>	<i>Máx.1 punto</i>
<i>Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento (0.20/cada entidade patrocinadora)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>

<i>Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
--	---------------------

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellaría de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellaría de Xuventude (www.xuventudevigo.org).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

6. Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

a)	<i>Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1</i>
b)	<i>Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b.</i>
c)	<i>Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2.</i>
d)	<i>Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4.</i>
e)	<i>Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5.</i>
f)	<i>Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa seguridade social.</i>
g)	<i><u>Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u></i>
h)	<i>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.</i>
i)	<i><u>Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.</u></i>

▪ **Grupos de mozos/as:**

a)	<i>Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1</i>
b)	<i><u>Relación detallada e asinada por todos, das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...).</u> Engadirase a esta relación a fotocopia compulsada do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.</i>
c)	<i>Certificados orixinais ou copias compulsadas, de todos os membros do grupo, de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social e Facenda. Estas certificacións poderán ser substituídas por <u>unha declaración responsable</u> de cada un dos membros do grupo, como réxime simplificado desta acreditación.</i>
d)	<i><u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo na que expresamente se manifeste:</u></i>

	<p>2. Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.</p> <p>3. Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.</p> <p>- Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</p>
e)	<u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.
f)	<u>Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u>
g)	<u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u>
h)	<u>Declaración conxunta de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizárase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.</u>

DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que

aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude– Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Xuventude, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses

desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 30 de novembro de 2010 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes do dito día 30 de novembro se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Inclúranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).
- b) Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:

A7	Relación de facturas presentadas como xustificación.
A8	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
A9	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
A10	Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).
11	No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u>

c) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

d) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sanciónns:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sanciónns en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

28(448).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE TUTORIZACIÓN E ORIENTACIÓN PARA A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 6400/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.03.10, o informe de fiscalización do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de promoción Económica e Emprego, do 25.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 178.500,00 euros para a contratación do servizo de tutorización e orientación no marco do proxecto “Imos Traballar” que se imputarán:

- 89.250,00 euros á partida 3220.2270602 do presuposto do ano 2010.
- 89.250,00 euros á partida 3220.2270602 do presuposto do ano 2011.

2º.- Aproba-lo expediente para a contratación do servizo de tutorización e orientación no marco do programa “Imos Traballar” que contén o prego de prescricións técnicas particula-

res de 9/11/2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 18/02/2010.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

29(449).- PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DA REDE DE SANEAMENTO DE VALLADARES. EXPTE. 851/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de data 9 de abril, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra “Peticións veciñais de ampliación da rede de saneamento. parroquia de Valladares .

Segundo.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra “Peticións veciñais de ampliación da rede de saneamento. parroquia de Valladares .

Terceiro.- Nomear como dirección facultativa da obra aos técnicos municipais: D. Álvaro Crespo Casal e D. Jorge Muñoz Rama

Do presente acordo daráselle traslado Á empresa adxudicataria HIDROMIÑO, S.L. , quen a súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

30(450).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA XÍLGARO. EXPTE. 1197/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 9 de abril emitido polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, coa conformidade do xefe da área dos Servizos Centrais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra “Beirarrúas e servizos na rúa xílgaro”.

Segundo.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra “Beirarrúas e servizos na rúa xílgaro”.

Terceiro.- Nomear como dirección facultativa da obra aos técnicos municipais: D. Álvaro Crespo Casal e dona Beatriz Alonso Asenjo.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO, S.L. , quen a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ouo 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

31(451).- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS ORDINARIAS DE URBANIACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. EXPTE. 1411/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 8.04.10, asinado polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e o xefe da área dos Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar o plan de xestión de residuos da obra “Obras ordinarias de urbanización da rúa Manuel Álvarez (conexión Estrada Vella de Madrid-Ramón Nieto).

32(452).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.